

# INSTRUCCIÓN SOBRE O PROCESO DE ADMISIÓN DO ALUMNADO PARA O CURSO ACADÉMICO 2020/21

## **NORMATIVA REGULADORA.**

Decreto 254/2012, do 13 de decembro (DOG 26/12/2012)

Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG 15/13/2013)

Orde do 25 de xaneiro de 2017 (DOG 01/02/2017)

## **POSTOS ESCOLARES OFERTADOS.**

4º Infantil	5º Infantil	6º Infantil	1º Primaria	2º Primaria	3º Primaria	4º Primaria	5º Primaria	6º Primaria
44 + 6 NEAE*	0	0	0	0	2	0	0	0

\*Inicialmente reservados para alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (atendendo ao disposto no artigo 3º.2 da Orde do 12 de marzo de 2013).

## **SOLICITUDES.**

Cada alumno/a só pode presentar **unha única solicitude** no centro no que solicite praza en primeiro lugar, poden pór ata 6 centros por orde preferencia. (A infracción desta norma determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle).

O alumnado que ten **garantía de permanencia** nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto **deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe antes do 1 de marzo.**

O alumnado que ten **reservada praza** nun centro adscrito, se presenta solicitude noutro, deberá comunicar a renuncia á reserva **antes** do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

**SINATURA DAS SOLICITUDES.** A solicitude poderá asinala calquera das persoas titulares da patria potestade, cando se refiran a fillas/os comúns dun matrimonio non separado legalmente nin divorciado ou dunha parella de feito debidamente inscrita no Rexistro de Parellas de Feito de Galicia. Nos demais casos requírese a sinatura das dúas persoas titulares, agás que a patria potestade estea atribuída a unha delas con carácter exclusivo, ou en situacións de violencia de xénero.

Enténdese por familia monoparental a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento. Para a valoración do criterio de familia monoparental, a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.

## PROCEDIMENTO PARA CUBRIR A SOLICITUDE

Pódese facer a través dun dos seguintes procedementos:

1.- **Cubrindo e entregando no centro de primeira opción o impreso que está a súa disposición na citada aplicación ou na secretaría do centro.**

2.- **A través da aplicación <admisionalumnado> (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>).**

Cubren o formulario de admisión a través do menú **Solicitudes - Admisión - Crear solicitude de admisión**. Feito eso poden optar por:

- Cubrir e imprimir dito formulario e **achegalo ao centro educativo** no que queren matricular ao seu fillo ou filla en primeira opción.
- Se dispoñen de certificado dixital ou chave 365, presentalo na Sede Electrónica a través da aplicación.

O alumnado e as familias poderán consultar o estado de tramitación das súas solicitudes:

- A través da aplicación <admisionalumnado> (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado>), utilizando o código de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.

## DOCUMENTACIÓN.

- A solicitude de admisión deberá ir acompañada da fotocopia da **documentación acreditativa do requisito de idade** (DNI do alumno/a ou fotocopia do Libro de Familia).
- Copia do DNI da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar, cando deneguen a súa consulta.
- Certificado oficial do expediente académico, no seu caso.
- **Sentencia xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador** onde conste a custodia do menor, no seu caso.
- Cando o número de solicitudes sexa superior ao número de prazas ofertadas polo centro, abrirase un prazo para achegar a documentación xustificativa dos criterios do baremo.
- Toda a documentación que se presente deberá ir acompañada da orixinal ou presentar copia cotexada.

## CALENDARIO DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA.

Presentación da <b>solicitud de admisión</b>	<b>1 ao 20 de marzo na aplicación/23 de marzo no centro</b>
<b>Presentación listaxe provisional</b>	<b>O 25 de marzo</b>
<b>No caso de haber máis solicitudes que prazas:</b> Presentación da <b>documentación</b> acreditativa dos criterios de baremo	<b>do 26 de marzo ao 8 de abril</b>
<b>Publicación das listaxes provisionais</b> de persoas admitidas e non admitidas	antes <b>25 de abril</b>
<b>Reclamacións ás listaxes (5 días hábiles despois da publicación destas)</b>	<b>Do 27 de abril ao 1 de maio</b>
<b>Publicación das listaxes definitivas</b> de persoas admitidas e non admitidas	<b>antes do 15 de maio</b>
<b>Formalización da matrícula</b> en educación infantil e primaria	<b>do 20 ao 30 de xuño</b>

## PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS.

As listaxes provisionais e definitivas de persoas admitidas e excluídas poderán consultarse:

- Presencial: Única e exclusivamente no taboleiro de anuncios situado no interior do edificio escolar.
- Non presencial: Única e exclusivamente a través da aplicación admisionalumnado empregando a Chave365 ou certificado dixital da Fábrica Nacional da Moneda e Timbre.

## CRITERIOS XERAIS PARA A ADMISIÓN DO ALUMNADO.

- Existencia de irmás/áns matriculadas/os no centro.
- Nai, pai, titora ou titor que traballe no centro.
- Proximidade do centro ao domicilio familiar ou ao lugar de traballo das/dos nais/pais ou titoras/es.
- Renda anual per cápita da unidade familiar.
- Condición de familia numerosa.
- Condición de familia monoparental.
- Concurrencia de discapacidade na alumna ou alumno, ou en nai, pai, titora, titor, irmá ou irmán do alumnado.

## CRITERIO COMPLEMENTARIO DO BAREMO FIXADO POLO CONSELLO ESCOLAR.

O criterio complementario é solicitar en primeiro lugar un centro de ensino público. A valoración deste criterio será dun punto.

## **HORARIO DA SECRETARÍA.**

O horario da secretaría para a entrega de solicitudes e documentación é de 9:00h a 14:00 h, de luns a venres.

## **SERVICIOS COMPLEMENTARIOS:**

O centro dispón de servizo de comedor e Aula Matinal que, xunto coas actividades extraescolares, son xestionadas pola ANPA. Para calquera información sobre os servizos ofertados e as actividades, deberán porse en contacto con dita asociación. O horario de atención ao público da ANPA é de 9:00 a 9:30 h e de 13:45 a 14:15 horas.

Teléfono: 660175215

E-mail: [anpa.garcia.barbon@gmail.com](mailto:anpa.garcia.barbon@gmail.com)

Máis información en <http://anpagarciabarbon.org/>

## **CENTRO ADSCRITO:**

O Instituto de Educación Secundaria ao que está adscrito o CEIP García Barbón é o IES ROSAIS 2.

## **ÁREA DE INFLUENCIA:**

Comprende dende o cruce de Isaac Peral e Camiño do Viso, seguindo pola rúa San Xoán do Monte ata o cruce coa rúa Cantabria; e seguindo pola Avenida do Aeroporto ata a rúa Tomás Elvira e dende aquí pola Avenida Ramón Nieto, rúa Urzaiz e rúa Colón ata o porto.

Na páxina: [www.escolasvigo.org/mapas](http://www.escolasvigo.org/mapas) poden consultar as áreas de influencia de Vigo e a que lle corresponde introducindo o seu enderezo.

## **XORNADAS DE PORTAS ABERTAS.**

Realizarase unha visita guiada polas instalacións do centro nas seguintes datas e horas:

- 3 de marzo ás 16:30(martes)
- 10 de marzo ás 16:30 (martes)

Para garantir unha axeitada organización cómpre inscribirse chamando ao colexio: 886 111 087.